

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2000

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2000 o seu sétimo ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto, decidiuse non conceder ningunha nova axuda por non reunir os candidatos as condicións establecidas nas bases da convocatoria. Tamén se toma o acordo de manter as axudas para Emilio Agulla Lemos, Fátima Entenza Martínez e Eloy Gestido de la Torre. O Padroado mantivo o acordo de que o importe das axudas foxe de 150.000 pesetas para cada un dos becados.

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de cincuenta mil pesetas ó Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da

Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

En cato á situación económica da nosa entidade, o Padroado tomou o acordo de destiñar a maior parte do diñeiro que temos na nosa conta, tra-lo pago das becas e das axudas ao colexio de Beluso, á mercar dous ordenadores para ser donados á Biblioteca Pública de Beluso. Esta donación foi comunicada ao Concello de Bueu e se vai elaborar un convenio de colaboración coa Fundación. O Padroado tomou o acordo de que sexa a Fundación a encargada de pagar a conexión a Internet, mediante unha tarifa plana.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado

